

ESTUDOS REGIONAIS

REVISTA DE CULTURA DO ALTO MINHO
II SÉRIE, Nº 4

CENTRO DE ESTUDOS REGIONAIS
VIANA DO CASTELO
JANEIRO 2010

TÍTULO**Estudos Regionais**

Revista Cultural do Alto Minho

II Série, n.º 4

Janeiro 2010

EDIÇÃO

CER, Centro de Estudos Regionais

DIRECTOR

Arnaldo Ribeiro

COORDENADOR CIENTÍFICO

Henrique Rodrigues

EQUIPA REDACTORIAL

António Cardoso

António Vitorino

Armando Paulo Borlido

Arnaldo Ribeiro

Esmeraldina Veloso

Henrique Rodrigues

José Carlos Loureiro

Luísa Rocha

Margarida Durães

Teodoro Afonso da Fonte

SECRETARIADO

Maria de Lourdes Carvalho Dias

Rosa Afonso

COLABORAM NESTE NÚMERO:

Alain Merckaert, Ana Costa, António Cardoso, António Matos Reis, António Vitorino, Arnaldo Ribeiro, Aurélio de Oliveira, Bernard Delemotte, Camilo Fernández Cortizo, Domingo L. González Lopo, Emília Lagido, Ernesto Português, Gonçalo Maia Marques, Henrique Rodrigues, Horácio Faria, Joana Figueiredo, J. A. Gonçalves Guimarães, José Marques, Lívio Correia, Nuno Brito, Ofélia Rey Castelão, Paulo Loução, Raul Soutelo Vázquez, Teodoro da Fonte

Estudos Regionais é uma revista com arbitragem científica

Tiragem 600 exemplares

Periodicidade anual

Design: Rui Carvalho

Impressão: Gráfica Casa dos Rapazes

Apoios: Câmara Municipal de Arcos de Valdevez, Câmara Municipal de Ponte da Barca, Câmara Municipal de Ponte de Lima, Câmara Municipal de Viana do Castelo e Crédito Agrícola – Fundação Caixa Agrícola do Noroeste

ISSN: 0871-3332

Depósito Legal: 269650/08



CENTRO
DE ESTUDOS
REGIONAIS

Largo Instituto Histórico do Minho 20/22

4900- 522 Viana do Castelo

Portugal

Telef./Fax: 258 828 192

www.cer.pt | E-mail: estudosregionais@sapo.pt

A IMIGRACIÓN GALEGA NO ENTRE-DOURO E MIÑO DE 1700 A 1850 CONDICIÓN PERSOAS E OCUPACIÓN PROFESIONAIS DOS EMIGRANTES

Camilo Fernández Cortizo

Os estudos sobre a emigración galega a Portugal na época moderna teñen unha recente traxectoria historiográfica, que nas súas orixes se remonta ao ano 1960, data da publicación da monografía de A. Meijide Pardo sobre a emigración galega intrapeninsular no século XVIII, nun dos capítulos do cal se trataban por primeira vez as actividades profesionais, os prazos de ausencia e os destinos precisamente dos emigrantes galegos ao reino veciño; entre estes, destacaban, segundo o citado historiador, as cidades e vilas litorais, en particular as de Lisboa e Porto; a continuación, os destinos na rexión do Miño e, finalmente, en lugar máis secundario, outros como o val do Douro e a provincia de Trás-os-Montes¹. Esta xerarquización territorial dos destinos condicionou con posterioridade as prioridades espaciais no estudo da emigración galega a Portugal, que primaron por suposto aos centros urbanos da fachada litoral dende Viana do Castelo ata Lisboa. En consecuencia, as zonas interiores do norte de Portugal quedaron en penumbra ata tempos máis recentes, se ben do ano 1960 data un primeiro estudo, de autoría do historiador portugués A. Vieira Braga, sobre a actividade de mestres canteiros galegos en Guimarães no século XVIII².

Non obstante, na historiografía portuguesa debeu esperar ata os anos finais da década de 1980 e, sobre todo, ata a seguinte para que se lle puxese atención, aínda que por regra xeral secundaria e indirecta, ao éxodo galego ao interior de Portugal; nuns casos, en diferentes «dissertações de mestrado», que, tomando como modelo a monografía de N. Amorim sobre a cidade de Guimarães (1987), nas máis das ocasións estudian freguesías miñotas e en moi poucas, en cambio, transmontanas (Adoufe e Calvao)³; noutros casos, a presenza de emigrantes galegos era confirmada a través dos rexistros de entrada de enfermos nos hospitais das Casas de Misericórdia (Guimarães, Ponte da Lima) ou dos rexistros de admisión de expósitos e de contratación de nodrizas polas Rodas do Alto Miño, pero de novo os estudos sobre estas institucións asistenciais, nos que se conteñen informacións sobre a presenza de emigrantes galegos, aparecen restrinxidos á provincia do Miño⁴, do mesmo modo que os baseados en series documentais como os pasaportes internos

¹ Meijide Pardo, A., *La emigración gallega intrapeninsular en el siglo XVIII*. Madrid, 1960, pp. 85-97.

² Vieira Braga, A., "Mestres de pedraria do Reino da Galiza, assistentes em Guimarães", en *Boletim de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, t. XX, 1959-1960, pp. 397-408.

³ Guimarães, C.M., *Santa Maria de Adoufe: Comportamentos Demográficos e Sociais (1780-1910)*. Dissertação de Mestrado, 1998, pp. 113-119; Faustino, J.A., *Calvão, uma Paróquia do Alto Tâmega (1670-1870)*. Chaves, 1998, pp. 190-191.

⁴ Costa, A.F., *Poder e conflito. A Santa Casa da Misericórdia de Guimarães (1650-1800)*. Braga, 1997, pp. 199-200; Araújo, M. M., *Dar aos pobres é emprestar a Deus: As Misericórdias de Vila Viçosa e Ponte de Lima (Séculos XVI-XVIII)*. 2000, pp. 643-657; no segundo caso, nos traballos de Rodrigues, H., "Expostos no Alto Minho no Século XIX e Contextos Migratórios", en *Revista de Estudos Regionais*, vol. XXV, (2005), pp. 7-79; Fonte, T.A. da, "Abandono e circulação de crianças entre o Minho e a Galiza. Repercussões demográficas e sociais de uma estratégia sem fronteiras", en *Pré-actes do VI Congresso da Associação de Demografia Histórica, Sessão Plenária*. Castelo Branco, 2001; del mesmo autor, *No limiar da honra e da pobreza. A infância desvalida e abandonada no Alto Minho (1698-1924)*. 2005, pp. 494-508.

e os títulos de residencia se circunscriben ás vilas litorais (Porto, Vila do Conde, Viana do Castelo)⁵. Finalmente, da actividade laboral dos emigrantes galegos na rexión do Alto Douro dan noticia os libros de contabilidade das quintas durienses, que, a excepción de unhas poucas como as de propiedade da Congregación do Oratorio de Porto⁶, están á espera da súa consulta e estudo, ao igual que os fondos de protocolos notariais (escrituras de obriga de obra, fianzas, etc.) que, segundo se desprende de diferentes estudos⁷, conteñen tamén testemuños da participación de mestres e oficiais de cantería galegos na construción de edificios civís (almacéns, residencias) e relixiosos (igrexas, capelas maiores, casas parroquiais) na provincia transmontana.

Contemporaneamente, a investigación sobre a emigración galega a Portugal recibía tamén entre os modernistas galegos un renovado impulso, en boa medida derivado da consulta de novas fondos documentais, ata ese momento restrinxidos aos arquivos parroquiais, aos que viñan a sumarse a partir dos anos finais da década de 1980 e iniciais da seguinte outras fontes como os expedientes de Quintas (reemplazo ou recrutamento de mozos para o servizo militar), as listas de prófugos, a correspondencia, os despachos e informes do Consulado Xeral de España en Lisboa, etc.⁸; máis recentemente, estas series documentais enriquecéronse cos arquivos parroquiais portugueses, os rexistros de entradas de enfermos nos hospitais das Casas de Misericórdia da provincia miñota e transmontana (Braga, Barcelos, Guimarães, Chaves, Vila Real, Mesão Frio) e,

⁵ Sobre os pasaportes internos e o seu sucesivo regulamento, Rodrigues, E., *Emigração e alfabetização. O Alto-Minho e a Miragem do Brasil*. Viana do Castelo, 1995, pp. 23-34; Durães, M.-Lagido, E., "A arte de traballar a pedra: migracións temporáreas e sazonais no Norte de Portugal (Sécs. XVIII-XIX)", en Freitas de Meneses, A. de-Oliveira e Costa, J.P. (coords.), *O reino, as ilhas e o mar oceano. Estudos em homenagem a Artur Teodoro de Matos*. Ponta Delgada-Lisboa, 2007, vol. 1, pp. 241-243. Sobre a análise dos pasaportes internos e títulos de residencia, Rodrigues, E., "Emigração galega para o Brasil a través de Viana do Castelo (1838-1860): Análise e alfabetização e ao perfil sócio-profesional", en Eiras Roel, A., (ed.), *Aportaciones...*, op. cit., pp. 177-183; Alves, J.F.-Ferreira, M.F.-Monteiro, M.ª R., "Imigração galega na cidade do Porto (2ª metade do século XIX)", en *Revista da Faculdade de Letras. História*, vol. IX (1992), pp. 215-236; Alves, J.F., "Peregrinos do traballo. Perspectivas sobre a inmigración galega en Porto", en *Estudios Migratorios*, 4 (1997), pp. 69-81; Piloto, M.ª A.-Santos, A., "Fluxo migratorio galego para Vila do Conde (1769-1810)", en *População e Sociedade*, 4 (1998), pp. 285-319; Rodrigues, H., "Galegos e espanhois com passaporte emitido en Viana do Castelo, 1838-1900", en *VI Congresso da Associação de Demografia Histórica*. Castelo Branco, 2001. Lagido, E.-Durães, M., "Mobilidade interna: Migraciones socioprofesionais dos alto minhotos (séculos XVIII-XIX)", en *Noroeste. Revista de História*, vol. 1, 2 (2006), pp. 74-78.

⁶ Pereira, G.M., "As quintas do Oratório de Porto no Alto Douro", en *Revista de História Económica e Social*, 13 (1984), pp. 13-49; del mesmo autor, "Quintas do Douro-Arquivos e investigación histórica", en *População e Sociedade*, 10 (2003), pp. 139-143.

⁷ Ferreira Alves, N.-Ferreira Alves, J., "Nótulas de historia da arte: noticias sobre alguns artistas e artífices dos séculos XVII e XVIII", en *Museu*, IV serie, 3 (1995), pp. 209-220; Alves, A., *Artistas y Artífices nas Dioceses de Lamego e Viseu*. 3 vols., Viseu, 2001.

⁸ A consulta e exploración de novas fontes documentais, coa mirada posta na emigración americana, constitúiu unha das principais achegas do IV Coloquio de Metodoloxía Histórica aplicada, celebrado en Poio(Pontevedra) en 1989; outra igualmente fundamental foi a definitiva constatación da diversidade dos modelos migratorios intrapeninsulares, entre os cales se destacaba nalgúnhas bisbarras galegas o de destinos portugueses. Os diferentes traballos de investigación deste Coloquio foron publicados na Revista da Comisión Galega do Quinto Centenario, nº 4, 5, 6 e 7 (1989). A continuación, un novo paso constitúe a monografía colectiva editada por A. Eiras Roel, *Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Enfoques comarcales*. Santiago de Compostela, 1992, que contén unha serie de traballos de ámbito comarcal que, a través da consulta de fontes de diversa natureza (arquivos parroquiais, protocolos notariais, expedientes de recrutamento militar, listas de prófugos publicadas no Boletín Oficial Provincial, asuntos matrimoniais, padróns municipais, etc.), resumen o panorama emigratorio rexional nos séculos XVIII e XIX. O seguinte paso neste proceso de "redescubrimento" da emigración galega a Portugal constitúino a I Conferencia Europea da Comisión Internacional de Demografía Histórica celebrada en 1993 en Santiago de Compostela e monográfica sobre as migracións internas e médium-distance, na que se presenta xa unha síntese rexional dos ritmos e características da corrente migratoria galega a Portugal (O. Rei Castela), complementada por outra, de autoría de A. de Oliveira, sobre a migración portuguesa de 1500 a 1900. Unha e outra síntese, como tamén diferentes comunicacións que ampliaban o ámbito espacial de estudio da emigración galega, foron publicadas n Eiras Roel, A.-Rey Castela, O., (eds.), *Migraciones internas y medium distance en la Península Ibérica, 1500-1900*. Santiago de Compostela, 1995, vol. II. Por fin, tamén en 1993, acontece a publicación dos primeiros estudos específicos sobre a emigración galega a Portugal. López Taboada, J.A., "Emigración gallega a Portugal en la primera mitad del siglo XIX", en Eiras Roel, A.-Rey Castela, O., (eds.), *Migraciones internas y medium distance en la Península Ibérica, 1500-1900*. Santiago de Compostela, 1993, vol. II, pp. 417-426; González Lopo, D., "A emigración a Portugal desde el suroeste de Galicia en los siglos XVIII al XIX", en *Actas do Colóquio Internacional sobre Emigração e Imigração em Portugal (séc. XIX-XX)*, Lisboa, 1993, pp. 373-391; con posterioridade, do mesmo autor, "Los movimientos migratorios en tierras del interior de la provincia de Pontevedra entre 1801-1950: características y puntos de destino", en *SEMAIA*, 11 (1999), pp. 269-298; "Se se mandassem embora não haveria quem servisse... Os galegos em Portugal: un exemplo típico de mobilidade na época pré-industrial", en Lois González, R.C.-Verdugo Matés, R.M. (eds.), *As migracións en Galiza e Portugal. Contributos desde as Ciencias Sociais*. A Coruña, 2006, pp. 237-266.

finalmente, cos pasaportes internos concedidos a transeúntes e a residentes en localidades portuguesas como Viana do Castelo, Chaves e Penafiel⁹.

A consulta combinada destes dispares e complementarios fondos documentais permitiron, en consecuencia, ampliar ao interior de Portugal o estudio da emigración galega, ata o punto que na actualidade están localizados de forma máis precisa os puntos de partida e tamén os de destino do éxodo ás provincias setentrionais lusas e, se ben se confirma a hexemonía da corrente cara ás cidades litorais, en particular cara a Lisboa e Porto, tamén se desvela a forte atracción dos destinos miñotos, trasmontanos e durienses entre os naturais dalgunhas bisbarras do sueste da provincia de Pontevedra e do interior das de Lugo e de Ourense, onde actividades como a cantería, a olería, a cordoería, o tráfico polo miúdo ou, finalmente, o traballo agrícola daban ocupación a un número relativamente importante dos seus habitantes. En segundo lugar, estas fontes permitiron precisar con maior exactitude o momento de impulso da emigración galega cara ao interior -en concreto, ao termo da Guerra de Sucesión española (1715)-, como tamén a súa evolución posterior durante o século XVIII e a primeira metade do século XIX nalgunhas bisbarras das provincias de Pontevedra e de Ourense.

A consulta entrecruzada das mesmas fontes documentais dun lado e doutro da fronteira permitiu tamén un coñecemento máis preciso dos tempos de ausencia dos emigrantes galegos e, así mesmo, da natureza do éxodo; no primeiro caso, no interior miñoto e trasmontano a presenza de galegos parece ter maioritariamente un carácter estacional, á inversa que nos destinos litorais urbanos, de duración plurianual, aínda que é relativamente frecuente a permanencia definitiva, segundo confirman os arquivos parroquiais e os pasaportes internos; no segundo caso, a súa natureza é maioritariamente laboral ao longo do período 1700-1850, se ben durante a primeira metade do século XIX adquire crecente importancia a chegada a terras trasmontanas, ao igual que ás cidades litorais, de exiliados e refuxiados políticos, algúns dos cales organizan cuadrillas ou partidas que fustrigan as poboacións fronteirizas¹⁰.

Por fin, os datos persoais e as actividades profesionais dos emigrados galegos, sobre os cales as fontes parroquiais e hospitalarias portuguesas non sempre proporcionan informacións con carácter sistemático e regular, son os que permanecen en maior penumbra; certamente entre estes aspectos, os máis importantes refírense ás actividades profesionais dos emigrados galegos, ao seu sexo, estado e idade, pero tampouco convén esquecerse, aínda que a súa relevancia sexa menor, da estacionalidade dos ingresos hospitalarios, da duración da asistencia e, finalmente, da proporción de falecidos ingresados. De novo, para o seu coñecemento só a consulta combinada de fontes de variada natureza asegura resultados sólidos; a esta parte da fronteira, os arquivos parroquiais, as relacións parroquiais de oficios contidas nas Respostas Xerais do Catastro de Ensenada (1752-1753) e a correspondencia, despachos e informes do Consulado Xeral de Lisboa constitúen os piares documentais básicos; ao outro lado, tamén os arquivos parroquiais, pero así mesmo os rexistros de entradas de enfermos nos hospitais das Casas de Misericordia de Chaves

⁹ Lagido, E.-Durães, M., "Mobilidade interna: migrações socioprofissionais dos Alto Minhotos (séculos XVIII-XIX)", en *Noroeste. Revista de História*, 2006, 2, vol. I, pp. 74-78; Fernández Cortizo, C., "La emigración gallega a las provincias portuguesas del Miño y de Trás-os-Montes y Alto Douro durante el siglo XVIII y la primera mitad del XIX", en *Noroeste. Revista de História*, vol. I, (2006,2), pp. 39-58; Fernández Cortizo, C., "Ir aos ganhos: a emigración galega ao norte de Portugal (1700-1850)", en Hernández Borge, J.-González Lopo, D.L. (coords.), *Pasado e presente do fenómeno migratorio galego en Europa*. Santiago de Compostela, 2007, pp. 17-49; Fernández Cortizo, C., "La emigración gallega a la provincia portuguesa de Trás-os-Montes y Alto Douro (1700-1850)", en *Actas del VIII Congreso de la Asociación de Demografía Histórica*. Mahón-Menorca, 2007. Recentemente foron consultados tamén os rexistros de enfermos do hospital de Todos-Os-Santos de Lisboa por González Lopo, D., "A presenza de galegos en Lisboa antes do terremoto (1745-1746)", en Hernández Borge, J.-González Lopo, D.L. (coords.), *Pasado...*, op. cit., pp. 51-83.

¹⁰ Fernández Cortizo, C., "La emigración gallega a la provincia portuguesa de Trás-os-Montes y Alto Douro (1700-1850): Evolución temporal, tipología y localidades de partida y de destino", en *Douro. Estudo & Documentos*, 22/2008 (no prelo).

(1827-1849), de Vila Real (1797-1854), de Mesão Frio (1780-1849) e de Amarante (1823-1854) e, finalmente, os pasaportes internos de Penafiel (1772-1829) e de Chaves (1834-1835).

1. A EMIGRACIÓN GALEGA AO NORTE DE PORTUGAL (1700-1850)

A circulación de persoas e de bens e mercadorías a un lado e ao outro da raia seca, aínda que certamente moi anterior no tempo, adquire un impulso sen precedentes ao longo da época moderna, se ben non en todas as fases presenta a mesma fluidez e intensidade; así no período intermedio, entre o inicio da Guerra de Restauración (1640) e o fin da Guerra de Sucesión española (1714), os intercambios restrínxense poderosamente, pero de novo tras a pacificación vólvese intensificar a circulación de persoas e os intercambios comerciais, tan só interrompidos ata comezos do XIX en dous momentos puntuais, en concreto en 1762, con ocasión da «guerra fantástica» e, á súa vez, en 1801 con ocasión da Guerra das Laranxas. Con posterioridade, durante o primeiro terzo do século XIX, son xa os propios avatares políticos e bélicos internos de cada reino os que non crean o clima máis propicio para o desprazamento e a estanza de galegos, que, malia iso, seguen entrando en territorio portugués como traballadores nos sectores xa tradicionais da agricultura, da construción e do comercio, pero tamén, a causa de a alternancias de poder no reino hispánico, en calidade de exiliados, refuxiados e facciosos políticos segundo as épocas de partidos políticos diferentes -realistas, liberais e carlistas-, algúns dos cales organizan partidas e cuadrillas que fustrigan ao exército real nas zonas fronteirizas¹¹. Tamén durante este período inicial do século XIX se multiplica a presenza de galegos prófugos do servizo militar, en particular desde a primeira guerra carlista, entre 1835 e 1839, anos en que se decretan precisamente senllas levas extraordinarias e no intermedio da cal se establece o servizo militar obrigatorio (1837)¹².

No período anterior á Guerra de Sucesión española son poucas as noticias que temos sobre a presenza de galegos no interior da provincia de Trás-os-Montes e na rexión do Douro; en parte, porque só a partir do final do citado conflito bélico é cando o éxodo galego a estas áreas experimenta un impulso sen precedentes. En efecto, as publicacións máis recentes sobre a emigración galega a Portugal sitúan este cambio de magnitude a partir do decenio de 1720 e, polo tanto, tamén o momento de mudanza do modelo emigratorio nalgunhas bisbarras galegas do sueste da provincia de Pontevedra e do interior ourensano, que abandonan progresivamente os antigos destinos casteláns ou andaluces polos portugueses. Del total de catorce bisbarras e áreas rurais galegas das que dispoñemos de datos anteriores a 1700, tan só en catro-Morrazo, Ponte Caldelas, A Lamba e Maceda-hai constancia documental do falecemento dalgúns veciños en territorio portugués, pero a súa proporción sobre o total de falecidos fóra da súa parroquia non supera o 10%. Será xa con posterioridade a 1715 cando nas parroquias de Antas (Pontevedra) e de Maceda (Ourense) ou na bisbarra de A Cañiza se incrementen as saídas a territorio portugués e, en particular, á provincia trasmontana; noutras este mesmo impulso se atrasa ata os anos 1720; é o caso das parroquias de Berducido (Pontevedra) e de Pao (Ourense), das da zona sur de Cotobade e dalgunhas máis das bisbarras de Ponte Caldelas e A Lama, etc. Os libros de defuncións da parroquia

¹¹ Fernández Cortizo, C., "La emigración gallega a la provincia portuguesa de Trás-os-Montes...", op. cit., ff. 15-17.

¹² Ibidem, ff. 16-17; López Taboada, J.A., "Emigración...", op. cit., pp. 418-422; Valle González, S., "La emigración en la comarca de Dozón según los Expedientes de Quintas", en Eiras Roel, A. (ed.), *Aportaciones...*, op. cit., pp. 71-72; González Asenjo, A.J., "La resistencia al servicio militar en Galicia, 1834-1874", en *Estudios de Historia Rural*, 34-35 (1985).

duriense de Mesão Frio avalan tamén esta cronoloxía; a proporción de defuntos galegos sobre o total elévase do 4,5% no decenio 1710-19 ao 20,3% no seguinte¹³.

Esta afluencia sen precedentes de emigrantes galegos xustifícase polas indubidables oportunidades de emprego e de salarios en principio máis elevados, propiciadas pola expansión económica da provincia trasmontana e, en particular, da rexión do Douro¹⁴. A documentación da época avala a expansión da produción cerealeira dende a década de 1710 á de 1760; confirma así mesmo a ampliación da superficie dedicada a oliveiral e, sobre todo, a viña, segundo C. Ribeiro de Castro (1796), en toda a provincia e, en particular, na rexión do Douro a raíz do forte incremento das exportacións do viño de Porto cara ao mercado inglés e brasileiro. En consecuencia, a expansión da produción agrícola e, sobre todo, vitícola ampliou a demanda de forza de traballo e, por conseguinte, as oportunidades de emprego no sector, ben con carácter estacional (xornaleiros en cávaa, na poda, nos plantíos, na vendima, etc.), ben con carácter temporal ou definitivo (criados de servir, criados de laboura), pero tamén no sector secundario, por canto a produción vinícola esixía o traballo de artesáns especializados como toneleiros, carpinteiros e, sobre todo, canteiros, neste caso imprescindibles para a composición e arranxo dos socalcos e das paredes das viñas, pero tamén para a construción dos edificios de produción (lagares, adegas, almacéns) e así mesmo, no período precisamente en que o estilo barroco alcanza o seu apoxeo no norte de Portugal, para a edificación e remodelación de capelas e igrexas parroquiais e de casas de residencia señoriais, que proliferan na rexión duriense entre 1720-1730 e no período final do século¹⁵.

Pero non son exclusivamente labradores, xornaleiros agrícolas e canteiros galegos os que veñen «aos ganhos», porque con certa frecuencia se cruzan tamén con «almocreves», tendeiros, «vendilhaos» da mesma nacionalidade nestas terras portuguesas do norte, que, xunto a as da outra parte da fronteira, constitúen unha especie de área de complementariedade económica, en particular comercial, na que se moven e intercambian bens e mercadorías de produción rexional ante a insuficiencia duns a un lado da fronteira e de outros ao outro; con tal motivo, arrieiros, negociantes, tendeiros e quincalleiros galegos concorrian frecuentemente ás feiras e mercados trasmontanos e durienses, pero chegaban tamén coas súas cabalerías e mercadorías a lugares máis illados e de difícil acceso, situados mesmo fóra dos circuitos comerciais¹⁶.

¹³ González Lopo, D., "La emigración a Portugal...", pp. 377; González Lopo, D., "Se se mandassem...", op. cit., pp. 245-246; González Lopo, D., "A presenza...", op. cit., pp. 61-63; Fernández Cortizo, C., "La emigración gallega...", op. cit., pp. 46-47; Fernández Cortizo, C., "Ir aos ganhos...", op. cit., pp. 26 y 33-34; Fernández Cortizo, C., "La emigración gallega a la provincia portuguesa de Trás-os-Montes...", op. cit., ff. 9-11.

¹⁴ A evolución demográfica e económica no século XVIII e na primeira metade do século XIX da provincia de Trás-os-Montes e Alto Douro brevemente descrita en Fernández Cortizo, C., "Ir aos ganhos...", op. cit., pp. 27-33; Fernández Cortizo, C., "La emigración gallega a la provincia portuguesa de Trás-os-Montes...", op. cit., ff. 2-9. Para unha información máis ampla, vexáñse Sousa, F. de, *A população portuguesa nos inícios do século XIX*. Porto, 1979; Ferro, J.P., *A População Portuguesa no Final do Antigo Régime (1750-1815)*. Lisboa, 1995; Guardado Moreira, M.^aJ.-Rodrigues Veiga, T., "A evolução da população", en Lains, P.-Silva, F. de, *História Económica de Portugal, 1700-2000*. Vol. I. O século XVIII. Lisboa, 2005, p. 43 y ss.; Serrão, J.V., "O quadro humano", en Mattoso, J. (dir.), *História de Portugal*. Vol. IV. O Antigo Regime (1620-1807), 1993, pp. 54-55; Rodrigues Veiga, T., *A População Portuguesa no Século XIX*. Porto, 2004; Serrão, J.V., "A agricultura", en Lains, P.-Silva, A.F. de (coords), *História Económica de Portugal, 1700-2000*. Vol. I. O Século XVIII. Lisboa, 2005, pp. 149-150; do mesmo autor, "O quadro económico. Configurações estruturais e tendências de evolução", en Mattoso, A. (dir.), *História de Portugal*. Vol. IV. O Antigo Regime (1620-1807); Amado Mendes, J.M., *Tras-os-Montes nos fins do século XVIII segundo um manuscrito de 1796*. 1995; Sousa, F. de, "População e Economia do Distrito de Vila Real em meados do século XIX", en *Estudos Transmontanos*, 1 (1983); Sousa, F.-Silva Gonçalves, M., *Memórias de Vila Real*. 1987, vol. I; Barros Ferreira, J., "Caminhos de pão e do vinho em Trás-os-Montes nos séculos XVIII e XIX", en *Estudos Transmontanos e Durienses*, 8 (1999); Capela, J.V.-Borralheiro, R.-Matos, H., *As freguesias do Distrito de Vila Real nas Memórias Paroquiais de 1758*. Braga, 2006 1993; Martins, C.A., "Os ciclos do vinho em Portugal: ensaio de periodização", en *Análise Social*, vol. XXIV (100), 1988, p. 393 y ss.; Silva, F.R. de, "Do Douro ao Porto: o protagonismo do vinho na Época Moderna", en *Douro. Estudos & Documentos*, 2, 1996; Moreira Da Fonseca, A.-Galhano, A. et alii, *O vinho do Porto. Notas sobre a sua História, Produção e Tecnologia*. Porto, 1982, pp. 34-41.

¹⁵ Serrão, V., *História da Arte em Portugal. O Barroco*. Lisboa, 2003, pp. 269-274; Pereira, J.F., *Arquitetura barroca em Portugal*. Lisboa, 1992, pp. 122-134; 149-168; Borges, N.C., *História da Arte em Portugal*. Vol. 9. *Do Barroco ao Rococó*. S.a., pp. 120-121.

¹⁶ Ferreira, M.T., "As Alfândegas de Trás-os-Montes: anos de 1791 e 1801", en *Estudos Transmontanos*, 1 (1983), p. 196; Sousa, F. de, "População...", op. cit., pp. 46-47; Barros Ferreira, J., "Caminhos de pão...", op. cit., p. 194.

As oportunidades de emprego no sector agrícola, principalmente no vitícola, no da construción e, finalmente, no ramo comercial atraen, en definitiva, a partir do termo da Guerra de Sucesión española a un continxente crecente de galegos á provincia trasmontana. O seu número é imposible de precisar, pero polos poucos datos de que dispoñemos era moi inferior ao dos desprazados a Lisboa e a Porto; en concreto, nos municipios de Fornelos de Montes, de Ponte Caldelas e de A Lamba os emigrados ao norte de Portugal supoñían o 15,9% no século XVIII, pero en cambio só o 5% na primeira metade do século seguinte; na bisbarra do Baixo Miño, entre 1691 e 1780, esta proporción era máis elevada, do 30,6%, pero descendía tamén no período seguinte (1781-1850) ao 18,6%¹⁷. En termos xa absolutos, as estimacións existentes son escasas e tardías; un informe portugués de 1873 estimaba en 5.000 os traballadores galegos que seguían chegando a principios desta década á rexión do Douro; anos despois, o censo de 1890, nun momento xa de decadencia da emigración galega, cifraba en 3.075 os españois residentes, máis do 90% galegos, nos distritos de Bragança e de Vila Real¹⁸.

2. OS EMIGRANTES GALEGOS: SEXO, IDADE E ESTADO

As fontes dun lado como doutro da fronteira son certamente dispares e irregulares á hora de proporcionar informacións sobre os datos persoais dos emigrantes galegos e, sobre todo, das súas actividades profesionais. Pero ademais, cando se dispoñen destes datos, son tardíos porque no caso dos rexistros de entrada de enfermos nos hospitais das Casas da Misericórdia non se conversan para a fase anterior a 1780, e no caso dos pasaportes internos, os asentos máis antigos - os de Penafiel - datan desta década e os de Chaves atrásanse xa aos anos 1830.

A emigración galega a Portugal é un fenómeno certamente masculino, pero máis que este aspecto xa coñecido importa máis no presente precisar en qué medida participaban as mulleres nas saídas cara ao reino veciño.

Táboa 1. Galegos e galegas ingresados nos hospitais das Casas da Misericórdia

	Mesão Frio			Vila Real			Amarante	Chaves	
	1790 1796	1801 1806	1821 1825	1797 1806	1813 1824	1825 1846	1835 1839	1827 1831	1835 1837
Homes	93,2	100,0	96,6	97,8	96,4	98,8	95,5	85,1	81,6
Mulleres	6,8	0,0	3,4	2,2	2,6	1,2	4,5	14,9	18,4
Casos	145	216	221	226	116	421	22	47	76

Fontes: Arquivo da Santa Casa da Misericórdia de Mesão Frio. Movemento de doentes, 1780-1849. Livro 4.2/2918; Arquivo Distrital de Vila Real. Arquivo da Santa Casa da Misericórdia de Vila Real. Livros 135-138; Arquivo de Santa Casa da Misericórdia de Amarante. Livros 100-105; Arquivo de Santa Casa da Misericórdia de Chaves e Boticas. Livros 207-211.

De acordo cos datos de rexistros de entradas hospitalarias as galegas non superan o 7% do total dos enfermos galegos, salvo no hospital de Chaves, onde no primeiro terzo do XIX supoñen entre o 14,9% e 18,4%; a situación fronteiriza, por lóxica, facilitaba a maior afluencia de mulleres

¹⁷ González Lopo, D., "La emigración a Portugal...", op. cit., p. 380; Pérez García, J.M., "La intensa movilidad de la comarca del Bajo Miño y sus destinos (1600-1850)", en *Actas del VIII Congreso de la Asociación de Demografía Histórica*. Mahón (Menorca), 2007, f. 7.

¹⁸ Pereira, G.M., "A produção de um espaço regional. O Alto Douro no tempo da filoxera", en *Revista da Faculdade de Letras da Universidade do Porto. História*. (1989), p. 340; Alves, J.F.-Ferreira, M.F.-Monteiro, M^a. R., "Imigração galega...", op. cit., p. 219; Alves, J.F., "Peregrinos do trabalho...", op. cit., p. 79.

a este núcleo como regatonas e como criadas de servir e, mesmo, como mendigas. Este contraste dáse tamén na provincia do Miño, entre localidades litorais próximas á fronteira como Caminha (1840-1855) e Viana do Castelo (1844-1845), onde as enfermas galegas sobre o total de ingresados da súa nacionalidade supoñen respectivamente o 47,1% e o 35,7%, e núcleos interiores como Barcelos (1848-1850) e Guimarães (1803-1804), con porcentaxes respectivamente do 9,1% e do 2,1%. De novo, entre as ingresadas nas primeiras localidades repítense as actividades exercidas en Chaves; son regatonas, criadas de servir e, finalmente, pobres mendicantes, algunhas delas residentes nunha e outra vila.

Os pasaportes internos non alteran por suposto esta hexemonía migratoria masculina, senón que a reforzan, xa que nos expedidos en Chaves non figura ningunha muller, pero si, aínda que en moi modesto número, nos de Penafiel como acompañante do seu marido (6,6%). Esas proporcións non son moi diferentes ás proporcionadas polos pasaportes de Viana do Castelo (Miño), onde as mulleres viaxeiras só sumaban o 1,9% e, en cambio, máis ao sur, nos de Vila do Conde (Douro litoral), xa non comparece ningunha transeúnte¹⁹. As fontes parroquiais galegas, naqueles casos que rexistran actos de honras fúnebres por falecidas fóra, pronúncianse tamén pola modesta mobilidade feminina; así, no municipio de A Cañiza as mulleres supoñen tan só o 2,7% dos falecidos en Portugal no século XVIII e na primeira metade do século XIX²⁰.

O estado dos emigrantes galegos a Portugal presenta un acusado contraste segundo se consideren os rexistros de enfermos dos hospitais das Misericordias ou os rexistros de pasaportes internos. Na primeira fonte, a superioridade estatística corresponde aos solteiros tanto dun sexo coma doutro, porque as solteiras son tamén máis numerosas; pola contra, na segunda, o predominio é dos casados²¹. As fontes parroquiais galegas, nos poucos casos de que se dispoñen destes datos, apoian tamén a hexemonía dos solteiros entre os emigrados a Portugal: no municipio de A Cañiza, no período que transcorre entre 1700 e 1850, supoñían o 49,7% e na bisbarra do Baixo Miño, entre 1691 e 1850, o 55%; de corrixir estes datos, mediante a distribución porcentual dos casos indeterminados, estes valores superarían o 60%²².

Táboa 2. Estado dos galegos ingresados nos hospitais das Casas da Misericórdia

	Vila Real			Amarante	Chaves	
	1797-1806	1813-1824	1825-1846	1835-1839	1827-1831	1835-1837
Solteiro	88,5	82,8	88,4	68,2	63,8	40,8
Casado	5,3	8,6	9,0	27,3	12,8	2,6
Viúvo	1,3	3,4	1,4	0,0	2,1	1,3
Indetermdo.	2,7	2,6	0,0	0,0	6,4	36,8
Solteira	1,8	0,9	0,5	4,5	12,8	17,1 (10,5)
Casada	0,4	1,7	0,0	0,0	2,1	1,3
Indetermda.	0,0	0,0	0,7	0,0	0,0	0,0
Casos	226	116	421	22	47	76

Fontes: *Ibidem* Táboa 1.

¹⁹ Lagido, E.- Durães, M., "Mobilidade interna...", op. cit., p. 76; Piloto, M^a. A.-Santos, A., "Fluxo migratório...", op. cit., p. 297.

²⁰ Rey Castelao, O.-Pérez Rodríguez, F., "Movimientos migratorios en el municipio de A Cañiza, siglos XVII al XIX", en EIRAS ROEL, A. (ed.), *Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal*. Santiago de C., 1992, p. 40.

²¹ Recentemente vense insistindo nos obxectivos diferentes que moven a uns e outros emigrados; en palabras de J.M. Pérez García, os casados pretenderían ante todo "equilibrar uns presupostos familiares" dependentes de patrimonios insuficientes, mentres que os solteiros, "acumular aforros para fundar novas familias". Pérez García, J.M., "La intensa movilidad...", op. cit., f. 11; Lagido, E.- Durães, M., "Mobilidade interna...", op. cit., pp. 76-77.

²² Rey Castelao, O.-Pérez Rodríguez, F., "Movimientos migratorios...", op. cit., p. 40; Pérez García, J.M., "La intensa movilidad...", op. cit., f. 11.

Os solteiros hospitalizados en Vila Real superan sempre o 80% e, nalgúns períodos, están próximos a supoñer o 90%. Nos hospitais das Casas de Misericórdia de Amarante e Chaves, nas décadas de 1820 e 1830, sumaban en torno aos dous terzos; entre uns e outros valores, atópanse, á súa vez, os dos ingresados no Hospital de Todos-os-Santos de Lisboa (1745-1746), onde os galegos enfermos de condición solteira supoñían o 78,3% dos casos e os casados tan só o 20,6%²³. Lixeiramente máis elevado é a porcentaxe dos solteiros ingresados na Casa de Misericórdia de Barcelos (1848-1850), do 81,8%; os respectivos dos hospitais de Caminha (1840-1855) e de Viana do Castelo (1844-1845) presentan a particularidade da maior presenza de solteiras, que certamente non desprazan aos solteiros da súa posición hexemónica, do 32,4% e do 42,9% respectivamente, pero reducen o seu peso porcentual; nunha e outra vila, solteiros e solteiras en conxunto suman o 62,3% e o 57,2%, polo tanto, case coincidentes cos valores de Chaves (57,8%).

En consecuencia, nos centros hospitalarios da provincia transmontana a proporción de enfermos casados era por regra xeral modesta: entre o 5 e o 10% en Vila Real; do 14,9% en Chaves e, finalmente, en Amarante, do 27,3%. Esta hexemonía dos solteiros tal vez se explique polo predominio de traballadores non especializados, que se incorporan a idades temperás á corrente migratoria «para ir aos ganhos» e, desta forma, acumular aforros para fundar un fogar. De feito, segundo se desprende dos datos de idade dos ingresados no hospital de Amarante case o 55% tiña menos de 25 anos e, á súa vez, case os dous terzos menos de 30 anos; en consecuencia, a idade media era de 26,75 anos. Menor aínda, aínda que o número de casos da mostra é reducido para un e outro período, é a media de idade dos galegos ingresados no hospital de Barcelos nos anos 1769-1771 e 1848-1850, en concreto de 25,2 anos; os menores de 20 anos supoñían respectivamente o 21,7% e o 40%; á súa vez, os menores de 25 anos, o 52,2% e o 70%; finalmente, os maiores de 40 anos, só o 13% e o 10%. Nunha e outra localidade, a idade media dos ingresados era, polo tanto, inferior á obtida entre os solicitantes de pasaportes internos, entre os cales ademais predominan os de estado casado. A excepción en todo caso a esta regra constitúena os enfermos e enfermas ingresados nos hospitais de Caminha (1840-1855) e de Viana do Castelo (1844-1845); as súas respectivas idades medias achéganse xa aos 40 anos e mesmo superan esta media entre os asistidos na primeira localidade (41,2 anos); por comparación coa casuística de Amarante e de Barcelos, os menores de 20 anos, con porcentaxes nunha e outra localidade litorais do 12,1% e do 7,1%- perden, por lóxica, protagonismo, fronte ao grupo de 40-49 anos, que suman o 21,3% e o 21,4% e, sobre todo, fronte ao de 50 anos e máis, que reúnen ao 39,4% e ao 35,7%.

Táboa 3. Idade dos galegos ingresados no hospital da Casa da Misericórdia de Amarante (1835-1839)

Idade	%
<20	18,2
20-24	36,4
25-29	9,1
30-34	18,2
35-39	0,0
40-44	9,1
45-49	9,1
Casos	22
Edad Media: 26,75 años.	

Fonte: Arquivo de Santa Casa da Misericórdia de Amarante. Livros 100-105.

²³ González Lopo, D., "A presenza...", op. cit., p. 69.

Os pasaportes internos de Chaves e de Viana do Castelo, das décadas de 1820 e 1830, traspasan a hexemonía, á inversa dos rexistros hospitalarios, aos emigrantes casados, aínda que certamente a marxe de diferenza con respecto aos solteiros non era tan acusada como a favor destes últimos no caso dos ingresados nos hospitais das Misericórdias. Casados e viúvos, rectificando os casos indeterminados, oscilarían entre 53-55% nun e outro rexistro, mentres que os solteiros o farían entre o 35-40%²⁴.

Táboa 4. Estado dos galegos con pasaporte interno.

	Chaves	Viana do Castelo
	1834-1835	1823-1831
Solteiro	37,1	33,5
Casado	48,6	41,8
Viúvo	1,4	2,7
Indeterminado	12,9	20,2
Solteira	0,0	0,4
Casada	0,0	1,5
Indeterminada	0,0	0,0
Casos	70	263

Fontes: Arquivo Distrital de Vila Real. Passaportes Chaves. Lv 1.606;
Biblioteca Municipal de Viana do Castelo. Registo de Pasaportes, libros 205-207.

Con respecto á idade, os rexistros de pasaportes elevan a media en anos dos seus solicitantes por comparación ao obtido a partir dos libros hospitalarios de ingreso de enfermos. Os titulares de permisos de viaxe con idade inferior aos 25 anos oscilan nos pasaportes de Penafiel, de Chaves e de Viana do Castelo entre 25% e o 29%; os que non cumpriron os 30 anos, á súa vez, entre o 38 e o 49%, cando no caso dos galegos enfermos se aproximaba aos dous terzos. Á súa vez, os dos grupos de idade 30-49 anos compoñen aínda un importante continxente migratorio, entre o 45% e o 47%; os de máis idade, que non comparecen nos rexistros hospitalarios, supoñen un modesto número, pero, aínda así, alcanzan entre o 10-15% dos solicitantes de pasaportes. En consecuencia, a idade media alcanza entre estes valores superiores, que superan sempre os 30 anos e mesmo entre os transeúntes por Penafiel os 35 anos²⁵.

²⁴ Os pasaportes de Vila do Conde (1769-1863) outorgan, pola contra, a hexemonía aos solteiros (40%) fronte aos casados (30%). Piloto, M^a. A. -Santos, A., "Fluxo...", op. cit., p. 297. Na cidade de Oporto, os títulos de residencia anuais son concedidos polas autoridades policiais en 1888 maioritariamente a solteiros (62,4%) e solteiras (91,5%) por comparación con casados e viúvos homes (37,6%) e mulleres (8,5%); en cambio, os títulos de residencia permanente inverten a correlación, co conseguinte predominio dos casados e viúvos (77,6%) fronte aos solteiros (20,2%); o matrimonio era, polo tanto, un dos factores máis condicionante da permanencia definitiva. Alves, J.F.-Ferreira, M.F.-Monteiro, M^a. R., "Imigração galega...", op. cit., p. 229; Alves, J.F., "Peregrinos...", op. cit., p. 74.

²⁵ En Vila do Conde, os titulares de pasaportes internos concentrábanse, en cambio, antes dos 30 anos, sumando aproximadamente o 60%; a partir dos 45 anos o decrecemento da mobilidade era xa acusado. Piloto, M^a. A. -Santos, A., "Fluxo...", op. cit., p. 296. Os titulares dos permisos de residencia anual na cidade de Oporto con idades inferiores aos 25 anos acumulaban en 1888 o 37,9% do total; os menores de 30 anos superaban xa a metade (52,4%). A continuación, os residentes con idades comprendidas entre 30 e 49 anos supoñían o 36,9% e os de idades superiores, o 10%. Entre os titulares de permisos de residencia permanente, os grupos de idade anteriores a 35 anos non constaban, sendo os maiores de 50 anos os máis numerosos á hora da súa solicitude (76,9%). Alves, J.F.-Ferreira, M.F.-Monteiro, M^a. R., "Imigração galega...", op. cit., pp. 228-229.

Táboa 5. Idade dos galegos con pasaporte interno

Idade	Penafiel	Chaves	Viana do Castelo
	1772-1829	1834-1835	1823-1831
<20	9,1	0,0	11,0
20-24	16,7	28,6	18,1
25-29	12,1	20,0	14,8
30-34	13,6	20,0	18,7
35-39	12,1	15,7	15,9
40-44	7,6	11,4	7,1
45-49	13,6	0,0	3,8
50-54	4,5	1,4	4,4
55-59	4,5	0,0	4,9
60 y +	6,0	2,8	1,1
Indeterminado	0,0	0,0	0,0
Casos	66	70	182
Edad media	35,6 años	30,3 años	32,1 años

Fontes: Arquivo Municipal de Penafiel. Passaportes internos. Livros 1.988 y 1.989; Arquivo Distrital de Vila Real. Passaportes Chaves. Lv 1.606; Biblioteca Municipal de Viana do Castelo. Registo de Pasaportes, libros 205-207.

Os meses de entrada dos galegos nos hospitais das Misericórdias son aleatorios na súa distribución e, polo tanto, presentan escasa homoxeneidade, coa particularidade engadida que case en todos os meses do ano, en maior ou menor proporción, se producen ingresos nos diferentes centros hospitalarios, debido a que certo número de emigrantes, sen que poidamos precisalo, prolongan a súa estanza de forma plurianual e mesmo de forma permanente. No hospital de Mesão Frio, no corazón do Alto Douro, na década de 1780 os ingresos acumúlanse dende o mes de xullo ata o de outubro, previamente aos traballos da vendima; no seguinte período (1790-96), pola contra, xa entre outubro e febreiro. Traspasado a fronteira do século XIX, nos anos anteriores ás invasións francesas de Portugal (1801-1806), precísanse, en cambio, dous máximos, un secundario nos meses de marzo e abril e outro principal dende agosto a outubro. Anos máis tarde, entre 1821-1826, a proporción de ingresos mantén xa unha estabilidade mensual, só alterada pola súbita suba no mes de outubro. Polo tanto, é este mes o único que comparece nos máximos de todos os períodos analizados e non podía ser doutro xeito porque é o mes da vendima e, polo tanto, un dos de maior concentración de traballadores na rexión do Alto Douro.

Pola súa banda, a distribución mensual da entrada de enfermos no hospital de Vila Real nos anos finais do século XVIII presenta un dobre máximo, respectivamente no mes de xaneiro e, sobre todo, no de outubro; nun período xa avanzado do século XIX (1835-1845), de novo, reaparecen dous máximos, pero con diferente localización estacional nun caso, dende marzo abril, e noutro coincidente, en outubro. A estacionalidade dos ingresos galegos nun e outro hospital do distrito de Vila Real parece estar condicionada, en definitiva, polos ciclos de maior traballo (poda, cava e vendima) da viña²⁶, mentres que nos meses de descanso laboral (dende abril a xullo) descenden a proporción de asistencias hospitalarias a galegos²⁷.

Finalmente, a estacionalidade dos ingresos de galegos no período 1828-1837 no hospital de Chaves, na raia seca, rexistra tamén dous máximos, o primeiro deles en abril e o segundo, nos

²⁶ Pereira, G.M., "As Quintas do Oratório do Porto no Alto Douro", en *Revista de História Económica e Social*, 13 (1984), pp. 29-31.

²⁷ No hospital lisboeta de todos-os-Santos, os ingresos concéntranse na primavera e, en particular, no verán por razóns climáticas, decrecendo a continuación no outono e no inverno. González Lopo, D., "A presenza...", op. cit., pp. 78-79.

meses de agosto e setembro, que coinciden basicamente con períodos de descanso agrícola, aínda que non debe esquecerse a importancia comercial desta praza portuguesa, residencia dun importante número de negociantes e comerciantes galegos, pero tamén núcleo de tránsito de «almocreves» e «vendilhaos».

Táboa 6. Mes de entrada de galegos nos hospitais de Casas da Misericórdia

	Mesão Frio				Vila Real		Chaves
	1780 1789	1790 1796	1801 1806	1821 1826	1797 1799	1835 1845	1828 1837
Xaneiro	1,9	11,4	7,5	0,0	13,0	7,0	4,2
Febreiro	5,8	13,6	5,0	6,3	7,4	5,2	5,6
Marzo	7,7	0,0	12,5	9,4	5,6	10,4	2,8
Abril	5,8	9,1	10,0	6,3	7,4	11,3	12,5
Maio	1,9	4,5	7,5	9,4	5,6	7,8	8,3
Xuño	9,6	4,5	2,5	9,4	7,4	9,6	7,6
Xullo	11,5	4,5	2,5	9,4	11,1	0,9	5,6
Agosto	13,5	9,1	12,5	21,9	7,4	7,8	19,4
Setembro	15,4	0,0	15,0	9,4	9,3	3,5	13,2
Outubro	19,2	18,2	15,0	9,4	18,5	16,5	6,9
Novembro	3,8	15,9	7,5	9,4	3,7	9,6	9,7
Decembro	3,8	9,1	2,5	0,0	3,7	10,4	4,2
Casos	52	44	40	32	54	115	144

FONTES: Ibídem Táboa 1.

En cambio, as concesións de pasaportes na citada vila rayana acumúlanse preferentemente en tres momentos do ano: en marzo; dende agosto ata outubro e, finalmente, en decembro. Esta distribución mensual, sen que saibamos a qué causas responde, non está pautada en todo caso polo ritmo dos traballos agrícolas, por canto do total dos solicitantes o 85,8% dedícanse ao ramo do comercio e só o 2,8% á actividade agrícola. Por outra banda, debe terse en conta que o 34% son rexistrados como residentes na propia vila, na que a finais do XVIII están abertas preto de cen «lojas».

Os titulares dos pasaportes concedidos en Penafiel obteñen o permiso de viaxe xa maioritariamente nos meses de febreiro e marzo, de xuño e de novembro; a maior parte son rexistrados como canteiros e fogueteiros, que, a diferenza dos solicitantes en Chaves, van ao seu lugar de traballo ou regresan a Galicia; febreiro e marzo coincidiría, polo tanto, co inicio da emigración estacional dos canteiros e novembro co regreso ás súas localidades de orixe²⁸.

²⁸ Nos permisos de circulación interna concedidos polas autoridades de Viana de Castelo, sen destacar sobre xeito uns meses sobre outros, os de outubro e de novembro son os de maior frecuencia. Lagido, E. - Durães, M., "Mobilidade interna...", op. cit., p. 77. En cambio, a maior parte dos pasaportes rexistrados en Vila do Conde, no período 1844-1858, foron concedidos nos meses de marzo e abril e, sobre todo, no período final do verán e inicial do outono (dende agosto a outubro). Piloto, M.ª A.-Santos, A., "Fluxo...", op. cit., pp. 294-295.

Táboa 7. Mes de expedición dos pasaportes internos

	Chaves	Penafiel
	1834-1835	1772-1829
Xaneiro	8,6	7,4
Febreiro	1,4	14,8
Marzo	12,9	13,6
Abril	1,4	7,4
Maio	8,6	6,2
Xuño	4,3	12,3
Xullo	1,4	8,6
Agosto	14,3	4,9
Setembro	10,0	3,7
Outubro	14,3	2,5
Novembro	2,9	12,3
Decembro	20,0	6,2
Casos	70	81

Fonte: Ibídem Táboa 5.

A estanza dos galegos nos hospitais das Santas Casas da Misericórdia oscilan entre os 14 e os 22 días (táboa 8)²⁹; a duración máis frecuente non excede os 14 días e, en moitos casos, mesmo os 7 días, durante os cales descansaban e recuperaban forzas de forma gratuíta porque a maioría deles non dispoñían de medios económicos; en concreto, os galegos internados no hospital de Mesão Frio con frecuencia son descritos como pobres, «*que nada tinha de seu*» ou que «*nada tem neste Reino*»³⁰.

Táboa 8. Tempo de estanza dos galegos nos hospitais de Casas da Misericórdia

Días	Mesão Frio				Chaves	
	1780-89	1790-96	1801-06	1821-26	1827-31	1835-37
<8	19,2	20,5	20,0	21,9	25,5	34,2
8-15	19,2	31,8	25,0	37,5	21,3	28,9
16-23	19,2	15,9	10,0	18,8	19,1	14,5
24-31	15,4	13,6	15,0	6,3	12,8	11,8
32-62	11,5	4,5	7,5	0,0	14,9	7,9
63-93	3,8	2,3	0,0	3,1	0,0	0,0
94-124	0,0	0,0	2,5	0,0	4,3	1,3
125-155	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
156-186	0,0	2,3	0,0	0,0	0,0	0,0
Indeterdo.	11,5	9,1	20,0	12,5	2,1	1,3
Casos	52	44	40	32	47	76
Media días	20,1	18,7	20,9	14,0	22,0	15,8

Fonte: Ibídem Táboa 1.

²⁹ No hospital lisboeta de Todos-os-Santos, a duración media oscila entre 13 e 19 días; en concreto, o 53% é dado de alta antes do décimo día. González Lopo, D., "A presenza...", op. cit., p. 77.

³⁰ Arquivo da Santa Casa da Misericórdia de Mesão Frio. Movemento de doentes, 1780-1849. Livro 4.2/29-18.

A estanza hospitalaria xeralmente inferior a dúas semanas completábase cunha proporción de falecementos nunca inferior ao 10%, pero que nalgúns períodos podía aproximarse ou alcanzar o 25% do total; para o caso lisboeta, cunha taxa de mortalidade do 18%, considerouse como moderada en razón das condicións de viaxe e, con posterioridade, de vida en Portugal dos emigrantes galegos³¹.

Táboa 9. Galegos falecidos nos hospitais de Casas da Misericórdia (%)

	Mesão Frio				Vila Real		Chaves	
	1780 1789	1790 1796	1801 1806	1821 1826	1797 1806	1813 1824	1780 1789	1790 1796
Saiu	75,0	77,3	75,0	82,8	86,2	76,7	74,5	81,6
Morreu	15,4	13,6	10,0	6,9	12,2	23,3	25,5	18,4
Indeterdo.	9,6	9,1	15,0	10,3	1,5	0,0	0,0	0,0
Casos	52	44	40	32	196	116	47	76

Fonte: Ibídem Táboa 1.

3. OS EMIGRANTES GALEGOS: ACTIVIDADES PROFESIONAIS

A emigración galega á provincia de Trás-os-Montes e Alto Douro é por suposto de natureza laboral e o seu obxectivo, por conseguinte, é «ir aos ganhos» debido ás oportunidades de emprego e salarios máis vantaxosos que ofrece a provincia transmontana a partir dos anos 1720. Por sectores económicos, os fondos dos pasaportes internos e dos títulos de residencia anuais (Porto) permiten sintetizar o seguinte cadro profesional:

Táboa 10. Sectores de actividades económicas dos emigrantes galegos

	Penafiel	Viana	Chaves	Vila do Conde	Porto
	1772-1829	1823-1831	1834-1835	1769-1863	1888
Primario	2,7	16,9	4,3	5,6	0,9
Secundario	52,6	7,5	4,2	11,9	8,9
Terciario	12,9	72,4	87,2	72,5	90,2
Pobres	7,3	0,3	0,0	0,0	0,0
Indeterminado	24,5	3,0	4,3	10,0	0,0
Casos	122	609	70	160	2.391

Fontes: Arquivo Distrital de Vila Real. Passaportes Chaves. Lv 1.606; Arquivo Municipal de Penafiel. Passaportes Internos. Livros 1.988 y 1.989; Biblioteca Municipal de Viana do Castelo. Registo de Pasaportes, libros 205-20; Piloto, M^a. A.-Santos, A., "Fluxo...", op. cit., p. 299; Alves, J.F.-Ferreira, M.F.-Monteiro, M^a. R., "Imigração galega...", op. cit., p. 231.

Os pasaportes internos e, en toda lóxica, os títulos de residencia anuais en Porto privilexian o ramo terciario fronte aos outros dous sectores, con excepción de Penafiel, onde os transeúntes exercen na súa maioría actividades secundarias, preferentemente como canteiros e secundariamente como fogueteiros, neste caso en complementariedade con outros oficios (cereiro, tamborileiro). Tamén en Viana do Castelo, en Vila do Conde e, finalmente, en Porto a cantería é o oficio máis frecuente entre os emigrantes con actividade secundaria; pero como xa se sinalou, o sector con maior difusión é o terciario, aínda que con diferenzas duns núcleos a outros.

³¹ González Lopo, D., "A presenza...", op. cit., p. 78.

En Viana do Castelo e en Porto traballadores e criados de servir reúnen respectivamente o 57,7% e 75,4% dos emigrantes rexistrados (Táboa 11); nos pasaportes internos de Chaves e de Penafiel, os traballadores, en cambio, teñen unha presenza moi modesta e algo máis elevada os criados e asistentes que alcanzan respectivamente o 1,4% e o 10,2%. Pola contra, entre os solicitantes de permisos de viaxe na primeira destas vilas, a dedicación comercial é a dominante ata o punto de concentrar o 85,8% do total. En cambio, o sector primario ten escaso peso económico entre os que pasan por Chaves (1,4%) e por Penafiel (2,7%), pero xa superior entre os que transitan por Viana do Castelo (16,9%).

O cadro profesional que acabamos de describir aparece en todo caso sesgado por canto non concede a debida importancia humana e económica a certas actividades profesionais, en concreto, ao traballo agrícola e ao servizo doméstico. Por esta razón, é necesario precisar que en terras transmontanas son catro os sectores nos que principalmente se concretan as oportunidades de emprego dos emigrantes galegos; en primeiro lugar, no servizo doméstico urbano, como asistentes ou criados de servir; en segundo lugar, na actividade agrícola como «criados de laboura» e como xornaleiros; en terceiro lugar, na cantería e, finalmente, no transporte de mercadorías e no comercio.

As fontes hospitalarias das Casas de Misericórdia de Chaves e de Amarante, aínda que escasas en datos sobre as actividades profesionais dos ingresados, rexistran basicamente o cadro de oficios descrito, composto en ambos os dous casos por asistentes e criados de servir, por xornaleiros e, finalmente, por canteiros. Pola súa parte, os pasaportes internos, de novo a pesar de non rexistrar con regularidade e carácter sistemático as profesións, contemplan xa unha clasificación de oficios máis plural e diversificada; á presenza dos anteriores oficios súmanse os comerciantes, tendeiros e «vendilhaos», que son os que no 85% dos casos solicitan os permisos de circulación en Chaves (1834-1835). Escasamente representado o sector artesanal nos pasaportes da anterior vila, en cambio nos expedidos en Penafiel (1772-1829) proporciona o maior número de solicitantes; son na súa maioría canteiros, aos que se agregan en número máis modesto xastres, cereiros, fogueteiros e tamborileiros, que en ocasións exercen de forma complementaria dous ou máis destes últimos oficios. Ao seu lado, é de notar tamén o desprazamento ás terras portuguesas do norte de pobres mendicantes que na súa maioría proceden das freguesías máis próximas á fronteira. Finalmente, as actividades profesionais dos transeúntes por Viana do Castelo presentan unha maior diversificación que nos casos anteriores; a primacía corresponde aos traballadores urbanos con destino a Lisboa e a Porto; a continuación séguenos os empregados na agricultura e no servizo doméstico. En consecuencia, os oficios artesanais, entre os que sobresaie modestamente a cantería, e os terciarios, con predominio do sector comercial, son os menos representados³².

³² Na provincia do Miño, segundo os escasos datos obtidos dos rexistros de enfermos dos hospitais de Guimarães e Barcelos, a canteiría, o servizo doméstico urbano, o traballo agrícola e, entre as mulleres, a mendicidade eran as actividades máis xeneralizadas. Nas localidades máis occidentais de Caminha e de Viana do Castelo, de novo criados e xornaleiros son os máis citados polas fontes, mentres que entre as mulleres, criadas, regateiras e, sobre todo, mendigas.

Táboa 11. Actividade profesional dos galegos con pasaporte

Chaves		Penafiel		Viana do Castelo	
1834-1835		1772-1829		1823-1831	
Labrador	1,4	Labrador	2,7	Labrador	12,3
Criado servir	1,4	Criado servir	4,5	Xornaleiro	4,6
Traballador	2,9	Asistente	5,5	Traballador	43,7
Caldeireiro	1,4	Caixeiro	0,9	Criado servir	14,0
Carpinteiro	1,4	Xastre	4,5	Mariñeiro	1,5
Serrador	1,4	Cereiro	1,8	Xastre	0,7
Negociante	2,9	Canteiro	34,5	Canteiro	2,6
Traficante	1,4	Cereiro/fogueteiro	0,9	Carpinteiro	0,8
Tendeiro	12,9	Cereiro/Tamborileiro	0,9	Outros Secundarios	1,2
Vendilhao	58,6	Cereiro/fogueteiro/tamborileiro	1,8	Peiteiro	0,7
Transitar Reino	10,0	Fogueteiro	1,8	Telleiro	1,5
Indetermdo.	4,3	Fogueteiro/Tamborileiro	5,4	Aguador	1,5
		Tamborileiro	0,9	Arrieiro	1,1
		Negociante	0,9	Negociante	2,6
		Músico	0,9	Comerciante	0,8
		Mendigo	7,3	Tendeiro	1,3
		Indetermdo.	24,5	Quincalleiro	0,8
				Sardiñeiro	0,3
				Mendigo	0,3
				Outros Terciarios	4,8
				Indetermdo.	3,0

Fonte: Ibídem Táboa 5.

A condición de criados de servir nas vilas de Chaves, de Vila Real, de Mesão Frio, etc. ou de asistentes en parroquias rurais tanto da zona norte provincial (Adoufe, Calvão)³³ coma da rexión do Alto Douro (Santa Cristina de Mesão Frio, San Salvador de Saborosa, Sta. María de Sanfins do Douro, Casal de Loivos, Covas do Douro etc.) e, en xeral, nas quintas do Douro identifica laboralmente un relativamente importante número de emigrantes galegos en terras transmontanas³⁴. Sen que poidamos precisar a súa proporción, nun bo número de casos a súa estanza convértese en pluriannual e mesmo en definitiva; exemplos destas situacións aparecen en ocasións nas fontes parroquiais, ao modo dos dous contraentes- o noivo galego- dun matrimonio celebrado en San Nicolau de Mesão Frio en xullo de 1798, «*ambos os dous asistentes a muitos annos nesta freguesia em casa de Manuel Pinto de Magalhães*», ou doutro galego, «*que anda neste Reino a traballar como asistente dende pequeno*»³⁵. Ao traballo destes criados e asistentes nas parroquias rurais súmase a miúdo o doutros traballadores que, ben durante varios meses, ben con carácter máis puntual para unha tarefa concreta, son contratados para os labores agrícolas e, en particular, para os traballos dos oliveirais e, sobre todo, das viñas; estas faenas agrícolas, en particular as de cávaa e da vendima, concentraban na rexión do Alto Douro un numeroso continxente de traballadores na súa maioría da Terra Fria transmontana e de Galicia. En consecuencia, nos libros de «receitas» e «despesas» das

³³ Guimarães, C.M., *Santa María de Adoufe*, op. cit., p. 113 y s.; Faustino, J.A., *Calvão*, op. cit., p.191.

³⁴ Barros Ferreira, J., «Caminhos de pão e do vinho em Tras-os-Montes nos séculos XVIII e XIX», en *Estudos Transmontanos e Durienses*, 8 (1999), p. 171.

³⁵ A.D.V.R.L., PRQ-PMSF05/002/LIV. 031. Casamentos (1781-1812); Arquivo da Santa Casa da Misericórdia de Mesão Frio. Movemento de doentes, 1780-1849. Livro 4.2/29-18.

quintas durienses da Congregación do Oratorio de Porto contabilízanse con relativa frecuencia partidas salariais pagadas a galegos por «asistir» durante varios meses traballando en arrancar e carretar leña, vixiar as viñas, etc.³⁶.

Así mesmo, nestes libros de contabilidade conségnanse asentos salariais pagados por traballos nos oliveirais e, sobre todo, nas viñas, que se van sucedendo ao longo do ano ata a nova vendima, realizada en outubro. Cuadrillas de homes son empregados para cavar os oliveirais e, con posterioridade, para varear a oliva, que recollen mulleres e nenos. Os seus salarios diarios eran inferiores aos pagados polo traballo das viñas; en concreto na década de 1740 ascendían 80 e 60 reis respectivamente para homes e mulleres.

Os labores da viña esixían efectivos laborais aínda máis numerosos, que se ocupaban ao longo de case todo o ano, salvo no verán, de diferentes faenas: de «escavar e esmadeyrar as vinhas», da «cava», da «mergulha», da «ergueita», da «redra» e, finalmente, da vendima³⁷. Entre os traballadores ocupados nestas tarefas, algunhas delas en ocasións contratadas a destajo, atopan galegos, os soldos dos cales son asentados ben de forma individual («Joseph galego», «galego Denis», etc.), ben de forma xenérica («um galego», «oito galegos», etc.). Os seus salarios diarios varían en función das tarefas realizadas; na década de 1740 o máis elevado, de 120 reis, era pagado aos traballadores da «cava», da «ergueita» e da «redra», mentres que vendimadores e vendimadoras debían conformarse con soldos inferiores, de 80 e 40 reis respectivamente³⁸.

A procedencia comarcal de criados e xornaleiros, segundo os datos dos rexistros dos enfermos ingresados nos hospitais das Casas de Misericórdia de Vila Real (1797-1855) e de Mesão Frio (1780-1826) coincide coas provincias orientais galegas de Lugo e Ourense, cunha ramificación cara á metade sur da provincia de Pontevedra. Na primeira destas provincias, os municipios de orixe correspóndense cos situados no ámbito da capital (Lugo, Begonte, Outeiro de Rei, Castro de Rei) e tamén máis ao occidente, cos confinantes coas provincias de A Coruña, Pontevedra e de Ourense (Guitiriz, Friol, Pas de Rei, Antas de Ulla e Carballedo), destacando en particular o de Chantada; ao sur da provincia lucense, un novo foco, certamente de menor magnitude, esténdese ao longo da fronteira con Ourense; no seu conxunto, estas bisbarras lucenses sobresaen polo forte predominio de labradores, con dedicación nalgunhas delas ao cultivo da vide. Na provincia de Ourense, pola súa banda, márcase unha columna vertebral migratoria dende o norte ata o centro a través dos municipios de Coles, Ourense, San Cibrao das Viñas, Taboadela e Allariz, cunha ramificación cara ao centro occidental da provincia (Celanova, Gomesende), destacando en particular os veciños da parroquia de Santa María de Pao (Gomesende), que son os máis numerosos en demandar asistencia hospitalaria en Vila Real. De novo, ao igual que nas bisbarras lucenses, nestas ourensanas a actividade agrícola dos seus habitantes é tamén moi acusada, segundo se pode constatar a partir das listas de oficios parroquiais, polo que en terras transmontanas se ocupan tamén preferentemente do traballo agrícola, como asistentes en casas campesiñas e, en maior número, como xornaleiros nos traballos das viñas.

³⁶ Arquivo Distrital de Porto (A.D.P.). *Congregação do Oratório São Filipe Neri – Porto*. COSFNPRT/G/B/003/Liv. 0023-15/3/72, ff. 21 (1748); 23 (1749), 166 (1748), etc.

³⁷ A natureza dos traballos das viñas e a súa dureza comentada por Costa Salavessa, M.E., «Un traço cultural do Alto Douro vinhateiro», en *Douro. Estudos & Documentos*, 19 (2005), pp. 191-192.

³⁸ A.D.P. *Congregação do Oratório São Filipe Neri – Porto*. COSFNPRT/G/B/003/Liv. 0023-15/3/72, ff. 11-12; 21-22; 26-27; etc.

Táboa 12. Frecuencias de labradores e xornaleiros en parroquias ourensanas con emigración a Portugal (1752)

Parroquia	Labradores (%)	Xornaleiros (%)
San Cibrao das Viñas (San Cibrao das Viñas)	39,4	32,4
San Breixo de Seixalbo (Ourense)	67,6	16,9
Santa María de Poulo (Gomesende)	90,0	3,3
Santa María de Pao (Gomesende)	71,3	8,2

Fontes: Archivo Histórico Provincial de Ourense. Catastro de Ensenada. Libro Personal de Legos, L-3122, L-2597, L-2042 y L-364.

A hexemonía da actividade agrícola entre os veciños destas parroquias condiciona na provincia transmontana o seu emprego maioritario no traballo dos campos e, en particular, das viñas, ao igual que no caso dos emigrantes procedentes do sector nororiental (Vina de Cruces, Silleda, Lalín, A Golada) da actual provincia de Pontevedra e das freguesías meridionais dos municipios de Ponte-Caldelas (Anceu, Forzéns) e A Lama (A Lama, Berducido), a veciñanza da cal está composta maioritariamente por labradores:

Táboa 13. Frecuencia de labradores en parroquias pontevedresas con emigración Portugal (1752)

Parroquias	Labradores (%)
San Andrés de Anceu (Ponte-Caldelas)	86,9
San Fiz de Forzéns (Ponte-Caldelas)	91,2
San Salvador de A Lama (A Lama)	53,3
San Martiño de Berducido (A Lama)	63,9

Fonte: González Lopo, D., "Se se mandassem...", op. cit., p. 240.

A cantería é outra actividade amplamente exercida por emigrantes galegos na rexión do Douro; por tal razón a súa presenza espacial confirmase un pouco por toda a provincia transmontana e nas zonas de fronteira coa de Douro Litoral (Amarante, Penafiel). As súas bisbarras de procedencia varían con respecto ás dos empregados na actividade agrícola, concentrándose maioritariamente no corredor central da provincia de Pontevedra (municipio de Pontevedra, extremo sur do de Cotobade e sector norte dos de Ponte Caldelas e A Lamba).

Táboa 14. Frecuencia de canteiros en parroquias da provincia de Pontevedra con emigración a Portugal

Parroquias	Canteiros (%)
Santiago de Antas (A Lama)	39,9
Santa Ana de Barcia do Seixo (A Lama)	51,0
San Lourenzo de Almofrei (Cotobade)	52,7
San Miguel de Aguasantas (Cotobade)	75,7
Santa María de Mourente (Pontevedra)	77,6

Fonte: González Lopo, D., "Se se mandassem...", op. cit., p. 240.

A especialización na cantería da maior parte da veciñanza das anteriores parroquias condiciona certamente o tipo de actividade exercida por os seus naturais nos seus puntos de destino. Así, canteiros das parroquias de Tenorio, de Borela e de Aguasantas, do actual municipio de Cotobadee, deambulan en torno á vila de Chaves, pero desprázanse tamén máis ao sur, tal

como testemuñan os libros de ingresos do hospital da Misericordia de Vila Real que rexistran a estanza de veciños das parroquias de Valongo e de Aguasantas (Cotobadee), que aparecen así mesmo con relativa frecuencia entre os ingresados no hospital de Amarante. Á súa vez, canteiros de Mourente (Pontevedra) pasan por Penafiel, demandando o correspondente pasaporte interno. Finalmente, «pedreiros» das freguesías de Antas e Seixido (A Lama) e, en menor número, das de A Lamba e Gaxate, do mesmo municipio, diríxense preferentemente «ao norte do río Douro, ou inmediatamente á súa marxe meridional», en torno a dous centros fundamentais, Vila Real e Lamego³⁹. Na primeira destas cidades, a identificación do oficio da cantería coa procedencia galega era tal que na procesión de Corpus Christi ao estandarte dos oficios de carpinteiro e de canteiro o seguía un grupo de 18 danzantes vestidos precisamente de galegos⁴⁰.

Os canteiros na rexión do Douro traballaban no acondicionamento dos socalcos e na construción dos muros das viñas, unha tarefa que empregaba un importante número de traballadores. En consecuencia, aínda que de forma irregular, os libros de contabilidade das quintas durienses da Congregación do Oratorio de Porto contabilizan partidas salariais de «pedreiros», algúns deles galegos, empregados precisamente en «*levantar paredes e sapadas de vinhas*», en facer «*paredes e calços*» e en construír ou conservar edificios de produción (lagares, adegas)⁴¹.

A ampliación das terras de viñado esixía igualmente da colaboración dun elevado número de traballadores; en concreto, na plantación da nova viña, en 1751, no monte de Paredeyta traballaron 1.385 xornaleiros e 364 canteiros, parte deles galegos⁴². O seu salario diario, de 120 reis nos anos 1750, equiparábase ao dos xornaleiros agrícolas contratados para os labores máis pesados (cava, ergueita, etc.).

Finalmente, os mestres de cantería galegos diversificaban a súa oferta de emprego, segundo confirman as escrituras de obriga de obras da segunda metade do século XVIII, contratando obras civís e relixiosas; en concreto, encárganse da construción de pontes, de fontes (Fonte Real de San Salvador de Penaguião), de «casas de residencia» de distintas freguesías (Sta. Camba de Souto Maior, San Marthino de Matheos, etc.), de casas de quintas durienses, de almacéns (San Mamed de Foz Tua) e, finalmente, tamén da edificación e remodelación de igrexas, capelas e sancristías (Afonsim, Lamares, Nogueira, Pendilhe, Piães, etc.) nos distritos de Vila Real e de Lamego⁴³.

Agora ben, un continxente relativamente numeroso de emigrantes galegos na provincia transmontana substituíu a dedicación agrícola e a cantería polo transporte e o tráfico ambulante; «almocreves» por unha parte, negociantes, traficantes, tendeiros e «vendilhaos» pola outra, pero tamén sogueiros, cordeiros e oleiros, protagonizan un activo comercio legal a través das «alfândegas», pero tamén de contrabando. Diariamente cruzaban a raia seca, segundo confirman diferentes informes oficiais e as contabilidades das alfândegas portuguesas, en dirección aos postos aduaneiros de Montalegre, Vinhais e Chaves, activando un relativamente importante volume de transaccións comerciais transfronteirizas, que tiñan na súa maioría negociantes galegos como axentes intermediarios, moitos de eles residentes en territorio portugués; en concreto, en Chaves tiña fixada a súa residencia o 34% dos galegos, na súa totalidade comerciantes e traficantes, que solicitan pasaportes internos en 1834-1835. Agora ben, segundo confirman as guías de circulación de comerciantes e de produtos, residían tamén en parroquias do ámbito (Paranhos, Vilarelhos,

³⁹ González Lopo, D., «Una aproximación...», op. cit., p. 153.

⁴⁰ Barros Ferreira, J., «Caminhos...», op. cit., p. 190.

⁴¹ A.D.P., *Congregação do Oratório São Filipe Neri – Porto*. COSFNPR/T/G/B/003/Liv. 0023-15/3/72, f. 19 (1747); f. 27 (1751); f. 166 (1748), etc.

⁴² *Ibidem*, f. 280.

⁴³ Ferreira Alves, N.- Ferreira Alves, J., «Nótulas...», op. cit., pp. 209-220; Alves, A., *Artistas...*, op. cit., vol. I, pp. 62-63, 149, 153, 179, 274, 276, 281, etc.

Lama de Arcos, Soutelinho)); no caso da alfândega de Montalegre, na propia vila e nas localidades próximas (Santo André e Tourem); finalmente, na alfândega de Vinhais, este núcleo e os de Paranho, Moimenta e Moiros eran os elixidos por tendervos e traficantes galegos para a súa residencia⁴⁴. En todo caso, como se sinala nunha comunicación subscrita polo Cónsul Xeral en Lisboa, de data 17 de novembro de 1826, había tamén outros comerciantes con residencia en territorio galego «*que entran por estas fronteiras diariamente ao seu comercio e case todos a recojen no mesmo día e outros van á cidade de Porto a buscar xéneros*»⁴⁵.

As pasaportes internos de Chaves (1834-1835) outorgan, en definitiva, a primacía ao sector do transporte e, sobre todo, do comercio. No primeiro caso, dos aproximadamente 420 «almocreves» que en 1796 operaban na provincia transmontana a maior parte eran galegos. Ocupábanse do transporte de sal, pero tamén doutros produtos; era o caso dos 59 arrieros da parroquia de San Pedro Fiz de Lougares que, cuns beneficios anuais de 300 rs., dedicábanse ao tráfico «*do azeite, xabón e de sardiña ao Reino de Portugal e outras partes*»⁴⁶. No segundo caso, tratábase de negociantes ou comerciantes por xunto e de traficantes e tendeiros ambulantes de moi distintos produtos, da natureza dos cales dá información as fontes documentais das alfândegas portuguesas; en concreto, nas da raia seca galega -Montalegre, Vinhais e Chaves- o predominio correspondía aos produtos galegos con respecto aos portugueses, aínda que nas dúas primeiras, á inversa que en Chaves, as exportacións portuguesas superasen ás importacións. De Galicia entraba grande número de cabezas de gando vacún e cabalar, aínda que a maior parte de contrabando; así mesmo, peixe salgado, la, liño, ferro, quincallería, louza e obxectos de cristal; á súa vez de Portugal, importábase viño, aceite, sal, bacallau, panos brutos, ceras, produtos curtidos e adoites⁴⁷.

Estes produtos e materias primas satisfacían a demanda local de bens en xeral de primeira necesidade, os principais centros de distribución da cal eran as feiras e mercados de radio local, relativamente abundantes na provincia transmontana; segundo estimacións de Amado Mendes, en 1796, celebrábanse polo menos 57 feiras mensuais e 25 anuais, nas que operaban en maior ou menor número e con maior ou menor volume de negocio comerciantes e traficantes galegos.

Os pasaportes internos expedidos en Chaves nos anos 1834 e 1835 son concedidos na súa maioría precisamente «*para andar polas feiras e povos do Reyno*» ou, simplemente «*para o interior non seu trafico*» ou «*para transitar este Reino*»⁴⁸. A súa duración, por esta razón, é máis prolongada que no caso dos permisos de viaxe expedidos en Viana do Castelo:

⁴⁴ Ferreira, M.T., «As Alfândegas...», op. cit., p. 176.

⁴⁵ Archivo General de la Administración (A.G.A.), *Servicio Exterior. Consulado General de España en Lisboa*, caja 54/6.491 (17/11/1826).

⁴⁶ Archivo General de Simancas, *Catastro de Ensenada. Respuestas Generales*, libro 270, f. 1717 vo.

⁴⁷ Ferreira, M.T., «As Alfândegas...», op. cit., p. 186 y ss.

⁴⁸ Arquivo Distrital de Vila Real. Passaportes Chaves. Lv 1.606.

Táboa 15. Prazo de validez do pasaporte interno

	Chaves	Viana do Castelo
	1834-1835	1823-1831
<8 días	---	23,1
8-15 días	---	45,6
16-31 días	---	28,6
1 mes	5,7	0,7
2 mes	1,4	0,0
3 mes	12,9	0,7
4 mes	1,4	0,0
5 mes	8,6	0,0
6 mes	4,3	0,0
7 mes	1,4	0,0
8 meses	14,3	0,0
9 meses	8,6	0,0
10 meses	15,7	0,0
11 meses	2,9	0,0
12 meses	22,9	1,3
Casos	70	147

Fonte: Ibídem Táboa 3.

A diferenza da duración dos pasaportes internos de Viana do Castelo (1823-1831), que non excede o mes porque se trata de viaxes na súa maior parte con destino ao lugar de traballo ou de regreso a Galicia, os permisos de circulación interna solicitados en Chaves (1834-1835) prolongan a súa duración porque a maior parte dos seus beneficiarios, como xa sabemos, son traficantes e «vendilhaos» en exercicio da venda ambulante. Ningún pasaporte, en consecuencia, baixa do mes de duración; os concedidos por 3-5 meses supoñen xa o 22,9% e os que permiten os desprazamentos durante 6-11 meses, á súa vez, o 47,2%; finalmente, os expedidos por un ano aínda suman unha notable porcentaxe, do 22,9%. En definitiva, a permanencia en Portugal de comerciantes e tendeiros, á marxe que unha parte deles residan en territorio luso, presenta disparidades na súa duración, por razón de que o tráfico ambulante os mantiña ocupado con prazos diferentes, dende polo menos un mes ata o ano.

A procedencia comarcal, segundo os propios pasaportes internos de Chaves, aparece fortemente localizada nos municipios ourensanos de Xunqueira de Espadañedo (Sta. María de Niñodaguia, San Miguel de Ramil) e de Maceda (Santa María de Asadur, Santiago dá Costa, Maceda de Limia), parroquias todas elas os veciños das cales comparten a dedicación á quincalla coa soguería ou a cordoaría e, nalgún caso, tamén coa olaría:

Táboa 16. Frecuencia de quincalleiros, sogueiros, cordeiros e oleiros en parroquias ourensanas con emigración a Portugal (1752)

	Buhoneiros	Sogueiros	Cordeiros	Oleiros	Telleiros
Sta. María de Asadur	22,7	33,3			
Santiago de Acosta		50,0			
Sta. María de Niñodaguia	8,9	16,9	27,0	30,3	
San Pedro Maceda	5,9	39,7			

Fontes: Archivo Histórico Provincial de Ourense. Catastro de Ensenada. Libro Personal de Legos, L-2227, L-2227, L-2123.

En terras transmontanas, os veciños destas parroquias, que son as máis representadas entre os solicitantes dos pasaportes internos, dedicábanse preferentemente á venda ambulante de quincallería diversa, de louza, de obxectos de cristal, etc., pero tamén á confección e venda de sogas, de cordel e de produtos afíns. Nalgúns casos, os libros de defunción dalgunhas das citadas parroquias asentan informacións sobre o exercicio destas profesións en terras portuguesas; en concreto, na freguesía de Santa María de Asadur celébranse en 1845 os actos de honras fúnebres por un veciño solteiro falecido na provincia transmontana «*con motivo de acompañar ao seu pai que andava á sazón con tenda*»⁴⁹; así mesmo, na parroquia de San Pedro de Maceda de Limia son relativamente frecuentes os actos de honras fúnebres por veciños que falecen na provincia transmontana, algúns mesmo residentes nesta, mentres exercen o oficio de sogueiros⁵⁰; en ocasións, nos seus desprazamentos intérganse máis ao sur, traficando nas provincias de Beira e do Alentejo, onde en agosto de 1788 falece un veciño de San Pedro de Maceda, de oficio sogueiro, segundo noticia «*de dous veciños do mesmo oficio e aínda o Pedro, compañeiro que o conduciu ao hospital*» da Vila de Fronteira⁵¹. Aínda ata os anos 1950 cordeiros galegos, acompañados normalmente por dous criados, seguían desprazándose a estas provincias a finais do verán, despois de espadar o liño e de segar os xuncos⁵².

En definitiva, a provincia de Trás-os-Montes e Alto Douro no transcurso do século XVIII e da primeira metade do século XIX constitúese no punto de destino máis concorrido da emigración galega ao interior de Portugal, aínda que certamente os efectivos migratorios que despraza son moi inferiores aos que se dirixen ás cidades litorais, en particular a Porto e, sobre todo, a Lisboa. O momento de impulso do éxodo galego con destino transmontano e duriense coincide co final da guerra de Sucesión española, a partir da década de 1720, e enrola maioritariamente poboación masculina, de condición tanto solteira como casada; os primeiros predominan entre a man de obra non cualificada e, polo tanto, entre os asistentes, criados de servir e xornaleiros agrícolas; en cambio os efectivos dun e outro estado tenden xa a igualarse nos oficios cualificados, en concreto entre os canteiros e os tendeiros e «vendilhaos». A idade en xeral é nova; os rexistros hospitalarios de Amarante cifran a idade media en 26,75 anos que, en cambio, elevan os pasaportes internos a 30-35 anos, de sorte que os maiores de 50 anos non superan o 15% do total. Esta poboación emigrante, maioritariamente con idades comprendidas entre os 15 e os 39 anos, atopa emprego na provincia transmontana en catro sectores profesionais, sen que poidamos concretar a súa respectiva importancia estatística; en primeiro lugar, no servizo doméstico urbano, como asistentes ou criados de servir; en segundo lugar, na actividade agrícola como «criados de labourea» e como xornaleiros agrícolas; en terceiro lugar, na cantería e, finalmente, no transporte de mercadorías e no comercio como «almocreves», negociantes, traficantes, tendeiros, «vendilhaos», oleiros, sogueiros e cordeiros.

⁴⁹ Archivo Histórico Diocesano de Ourense. *Fondos parroquiales. Series sacramentales*. Santa María de Asadur, 23.1.4.II (1750-1854).

⁵⁰ No mes de xullo de 1781 celébranse os actos de honras fúnebres por un veciño desta freguesía que falece en Portugal, «*donde exercia el oficio de soguero hacía algunos años*», segundo noticias proporcionadas «*por otros de este pays que andubieron en el mismo paraje ejerciéndose en igual oficio*». Á súa vez, en 1815 falece outro fregués, «*en el reino de Portugal donde traficaba con el oficio de soguero en compañía de un hermano suyo*»; de novo, en 1835 morren en territorio luso dous irmáns solteiros de «*oficio de cordeleros*». Archivo Histórico Diocesano de Ourense. *Fondos parroquiales. Series sacramentales*. San Pedro de Maceda de Limia, 23.6.7.III (1767-1849), ff. 47, etc.

⁵¹ *Ibidem*, f. 76.

⁵² Lopes Dias, J., *Etnografía da Beira*. Lisboa, 1967, pp. 247-249.